



Instrucións sobre o procedemento a seguir para a autorización de títulos oficiais (grao, máster universitario e doutor) que pretendan implantarse no curso 2011-2012

O proceso de adaptación da oferta de titulacións do SUG ao EEES foi xa rematado na práctica e realizouse de acordo cos principios e calendario establecidos nas *Liñas xerais para a implantación dos Estudos de Grao e Posgrao no Sistema Universitario de Galicia*, aprobadas no pleno do 5 de novembro de 2007 do Consello Galego de Universidades.

O 22 de outubro de 2009 a Secretaría Xeral de Universidades emitiu unhas *Instrucións sobre o procedemento a seguir para a autorización de títulos oficiais (grao, máster universitario, doutor) que pretendan implantarse no curso 2010-2011*, co fin de facilitar o traballo de coordinación entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e as Universidades.

Nestes momentos está pendente de tramitación unha nova norma autonómica que regulará a autorización e supresión das ensinanzas universitarias oficiais, o que se levará a cabo unha vez sexa publicado o Real Decreto polo que se regulan as ensinanzas oficiais de doutoramento.

Por este motivo, a Secretaría Xeral de Universidades considera necesario facer públicas unhas instrucións sobre o procedemento a seguir para a autorización de títulos oficiais de Grao, Máster Universitario e Doutor, que faciliten o traballo e a coordinación coas Universidades do SUG mentres non entre en vigor a nova normativa.

***GRAOS**

No contexto económico actual e á espera dun estudo sobre o impacto da adaptación das titulacións do SUG, particularmente no que atinxe á evolución daquelas titulacións sometidas ao plano de viabilidade regulado no apartado 3.2 das Liñas xerais, a Xunta de Galicia non autorizará a implantación de ningún novo grao para o curso 2011-2012.

Queda exceptuada da anterior consideración o grao especializado en Economía e Empresa da USC (Campus de Lugo), único título pendente de transformación que, en todo caso, deberá contar coa correspondente autorización previa de envío a verificación, transformación que, en todo caso, deberá contar coa correspondente autorización previa de envío a verificación.

Para os efectos de obter a mencionada autorización, deberá enviarse á Secretaría Xeral de Universidades a memoria de verificación do plano de estudos con anterioridade ao 31 de marzo de 2011.

Valorarase preferentemente o cumprimento dos seguintes requisitos:

- a adecuada xustificación do título
- a diferenciación respecto dos planos de estudo de titulacións afíns xa implantadas no SUG
- a viabilidade académica do título.



***POSGRAOS (MÁSTER UNIVERSITARIO E DOUTOR)**

a) Autorización previa de envío a verificación

O procedemento de autorización para a implantación de estudos universitarios oficiais de posgrao conducentes ao título de Máster Universitario ou de doutor ven recollido no Decreto 66/2007, do 29 de marzo.

Non obstante, en aras dunha efectiva coordinación do sistema, para o envío dos planos de estudos ao Consejo de Universidades (CU) para a súa verificación, continuarase co procedemento establecido no apartado 3.4 das Liñas xerais, é dicir, será necesario contar coa autorización previa do departamento competente en materia de universidades.

Para os efectos de obter a mencionada autorización, deberá enviarse á Secretaría Xeral de Universidades a memoria de verificación do plano de estudos xunto a outra memoria de viabilidade do título proposto, na que se recollan a xustificación dos requisitos a),b) e c) do artigo 3.2 do Decreto 66/2007 e a información requirida no apartado 11 do Anexo II da Orde do 20 de xullo de 2007 pola que se aproban os modelos do procedemento de autorización de estudos universitarios oficiais de posgrao conducentes ao título de máster ou de doutor (DOG nº 151, 6.8.2007), relativos á viabilidade económica: orzamento de funcionamento, ingresos de matrícula, financiamento público, outras fontes de financiamento, custo de persoal docente e administrativo e política de bolsas.

O prazo de presentación da solicitude de autorización previa de envío a verificación perante a Secretaría Xeral de Universidades rematará o 21 de xaneiro de 2011.

b) Oferta mínima de prazas

Resulta de aplicación o artigo 3.2.d) do Decreto 66/2007, que fixa o número mínimo de prazas ofertadas en 20, para os másters de orientación profesional ou académico profesional, e 10 prazas para os másters de perfil académico- investigador.

No caso dos doutoramentos a oferta mínima será de 10 prazas.

En todo caso a autorización da efectiva impartición queda condicionada ao cumprimento do requisito de que exista ese mesmo número mínimo de alumnos matriculados no curso académico no que se pretenda iniciar os estudos.

c) Pertinencia socioeconómica

Polo que se refire ao cumprimento do criterio de pertinencia socioeconómica para Galicia, recollido no artigo 3.2.a), o criterio interpretativo da Secretaría Xeral de Universidades será o seguinte:



c.1.- Máster:

Priorizaranse aqueles Máster que cumpran alomenos tres das seguintes condicións:

- outorgar competencias profesionais
- ser interuniversitario, participando nel polo menos dúas universidades do SUG,
- ter unha orientación laboral ou práctica,
- ter demostrada viabilidade económica
- xustificar o apoio e colaboración de empresas e institucións do contorno socioeconómico,
- ter garantidas as prácticas do estudantado,
- fomentar o espírito emprendedor
- cubrir a formación superior de persoal en áreas de elevada demanda laboral
- ter carácter internacional.

c.2.-Doutoramentos:

Nos doutoramentos se valorará preferentemente o cumprimento das seguintes condicións:

- ser interuniversitario, participando nel dúas universidades do SUG ou cunha universidade do Sistema Universitario Español ou internacional e
- ter financiamento externo comprometido, no suposto de precisar recursos adicionais.

***RESOLUCIÓN DA SECRETARÍA XERAL DE UNIVERSIDADES**

A Secretaría Xeral de Universidades emitirá a resolución de autorización previa de envío a verificación no prazo dun mes contado dende a entrada do expediente completo neste departamento.

En caso de resolución desfavorable, a universidade poderá solicitar de novo a autorización previa de envío a verificación, dentro dos prazos sinalados anteriormente.

***INFORME DE AVALIACIÓN POLA ACSUG**

Na solicitude de verificación, a efectos de elaboración do informe de avaliación, as universidades do SUG sinalarán que esta sexa efectuada pola Axencia para a Calidade do Sistema universitario de Galicia (ACSUG), de acordo co disposto no artigo 25 do Real Decreto 861/2010, de 2 de xullo, polo que se modifica o Real Decreto 1393/2007, de 29 de outubro, polo que se establece a ordenación das ensinanza universitarias oficiais.

***AUTORIZACIÓN DE IMPLANTACIÓN**

Logo de acreditar que os plans de estudos foron enviados ao CU, a universidade solicitará a autorización de implantación pola Comunidade Autónoma, de acordo co establecido no art. 8.2 da LOU e no artigo 3 do Decreto da Xunta 259/1994, de 24 de xullo, que establece o procedemento para a creación e recoñecemento de universidades, centros universitarios e autorización de estudos na Comunidade Autónoma de Galicia (a tramitación régúlase no art. 6 e a disposición adicional cuarta).

A autorización levarase a cabo por Decreto do Consello da Xunta, a proposta do Consello de Goberno da Universidade correspondente e previo informe do CGU (art. 5, j) da Lei 2/2003 CGU).

A data límite para a presentación das solicitudes de autorización de títulos que se pretendan implantar no curso 2011-2012 será o 30 de xuño de 2011. En todo caso, o expediente de autorización de



implantación da titulación pola Xunta de Galicia, resolverase unha vez os planos de estudio contén coa resolución de verificación positiva emitida polo Consejo de Universidades.

Os documentos que deberán constar no expediente son os recollidos nos artigos 4,5 e 6 do Decreto 66/2007, do 29 de marzo, xunto con copia da memoria de verificación definitiva que resultase do proceso de verificación. Tanto a solicitude coma outra documentación complementaria deberán ser presentadas en papel, agás a memoria que se poderá presentar en formato electrónico, segundo o artigo 5.4 do Decreto 66/2007, do 24 de xullo.

***MODIFICACIÓN DE TITULACIÓNS AUTORIZADAS**

En canto ao procedemento de modificación dos planos de estudos de graos e posgraos xa autorizados deberánse ater o fixado no artigo 28 do Real Decreto 1393/2007 do 29 de outubro, modificado polo Real Decreto 861/2010, de 12 de xullo. A universidade remitirá á Secretaría Xeral de Universidades unha copia da notificación que debe enviar ao CU, na mesma data en que esta fora realizada.

Santiago de Compostela, 9 de novembro de 2010

O secretario xeral de Universidades



[Handwritten signature]
Asdo. José Alberto Díez de Castro